

Ano 2011

Memoria de actividades

do



Colexio Oficial de Xoiaría

A garantía dun profesional



Índice de Memoria 2011

1.- Presentación memoria.....	p. 2
2.- Organigrama Colexio Oficial de Xoiaría.....	p. 4
3.- Asembleas.....	p. 7
4.- Reunións da Xunta de Goberno.....	p. 8
5.- Axenda de actos e reunións de Comisións	p. 11
6.- Asesoría e atención de consultas.....	p. 14
7.- Servizo de información xeral.....	p. 15
8.- Campaña de Nadal.....	p. 21
9.- Celebración San Eloi.....	p. 24
10.- Concurso “Deseña unha xoia para a túa nai”.....	p. 26
11.- Acordos.....	p. 30
12.- Cursos.....	p. 37
13.- Presenza en medios de comunicación.....	p. 39
14.- Censo colexiados.....	p. 40
15.- Memoria económica.....	p. 41
16.- Proxectos 2012-2013.....	p. 45



1.- Presentación memoria

Santiago de Compostela, xuño 2012

Estimadas colexiadas e estimados colexiados:

Un ano máis, presentámosvos a memoria anual do **Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia**, onde de forma resumida pretendemos reflexar a actividade realizada durante o exercicio 2011.



Pechamos un ano no que o noso **Colexio** cumpríu os seus primeiros catro anos desde a súa constitución e, en consecuencia, finalizou o período de mandato da primeira Xunta de Goberno, dando lugar á apertura do oportuno proceso electoral.

O resultado deste proceso rematou coa ratificación, pola Asemblea celebrada o 24 de setembro, da actual Xunta de Goberno, integrada por algúns dos membros que formaban parte da Xunta anterior e tres novas incorporacións.

Agradézoos, en nome de toda a Xunta de Goberno e no meu, a confianza depositada en nós nesta nova etapa na andadura do **Colexio** e que afrontamos con moita ilusión e compromiso con tódolos profesionais do sector.

Quero aproveitar estas liñas para reiterar o meu recoñecemento ós membros saíntes da Xunta de Goberno, pola súa colaboración, polo seu entusiasmo e horas de esforzo adicadas ós intereses da profesión e da xoiaría.

Os nosos obxectivos para os vindeiros catro anos céntranse, a grandes rasgos, en seguir dando pasos a favor da profesionalización do sector e na diferenciación cualitativa dos seus profesionais e para conseguilo consideramos imprescindible manter unha liña de mellora continua na prestación dos nosos servizos.



Con este fin, as diversas Comisións de Traballo, abertas a calquera colexiado que solicite colaborar, están incrementando día a día os seus esforzos. A Comisión de Promoción, por exemplo, está a traballar nunha publicación periódica do **Colexio Oficial de Xoiaría** como vía de comunicación alternativa á paxina web, correo electrónico e, ó cada día menos utilizado correo postal. Nos primeiros meses desta nova etapa tamén é moi salientable o labor da Comisión de Reloxaría, que acaba de emprender un proxecto de deseño e produción dun sobre uniforme para reparacións, que ademais servirá como documento de depósito e será de utilidade para tódalas actividades do sector, e, por suposto, tamén é de destacar o traballo da Comisión de Promoción, máis visible para todos.

Por último, quero recordarvos que na unión do sector reside a súa forza para alcanzar os seus fins e beneficios de interese colectivo.

Desexando que vos sumedes a participar, como profesionais da xoiaría, no voso **Colexio**,

Recibide un afectuoso saúdo.

Óscar Rodríguez Blanco

Presidente do **Colexio Oficial de Xoiaría**



2.- Organigrama Colexio Oficial de Xoiaría

2.1.- Xunta de Goberno

No 2011 finalizou o período de mandato da anterior **Xunta de Goberno**, o que deu lugar á apertura do oportuno proceso electoral que rematou coa ratificación pola **Asemblea celebrada o 24 de setembro** da única candidatura presentada.

Inmediatamente despois da ratificación da Asemblea por unanimidade, celebrouse o acto público de toma de posesión de cargos da nova Xunta de Goberno, integrada por algúns dos membros da Xunta anterior e tres novas incorporacións.

Neste punto cabe salientar que o ano pasado, a Asemblea, celebrada o **29 de maio**, aprobou por unanimidade unha modificación dos Estatutos coa intención de flexibilizar o proceso electoral, tanto na forma de emitir o voto como na presentación de candidaturas, facilitando así a máxima participación de tódolos colexiados.

Pese a esta modificación, foi preciso desconvocar as eleccións previstas para o mes de xuño por falta de candidaturas presentadas, procedendo a unha nova convocatoria para o mes de setembro.

Como só se presentou unha candidatura en tempo e forma, as eleccións fixadas para o día **24 de setembro** foron substituídas pola súa ratificación en Asemblea, de conformidade co previsto no artigo 61 dos Estatutos.



Así, a Xunta de Goberno para o período 2011 – 2015 está integrada por:

Presidente.....D. Óscar Rodríguez Blanco
Vicepresidente 1º.....D. Pablo García Regueira
Vicepresidente 2º.....D. Luis González Bahamonde
Tesoureiro.....D. Alfonso Pérez Couto
Secretaría.....Dna. Carmen María Otero García
Vocal.....D. Enrique Guillermo Fink Fernández
Vocal.....D. José Antonio García Pardo
Vocal.....D. José Luis Míguez Cristóbal
Vocal.....D. Celso Santos Pereira Varela
Vocal.....D. Senén Rodríguez Martínez

Director-asesor.....D. José Carlos García Cumplido



2.2.- Sede colexial e delegacións

Para acercar fisicamente a administración do **Colexio Oficial de Xoiaría** ás zonas máis afastadas da súa sede, asináronse durante os anos 2009 e 2010 convenios de colaboración co Gremio Provincial de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros da **Coruña**, coa Asociación de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros da provincia de **Pontevedra**, coa Asociación de Xoieiros da **Mariña (Lugo)** e coa Asociación de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros de **Ourense**, que seguen actualmente en vigor.

En virtude destes convenios o **Colexio Oficial de Xoiaría** conta con **delegacións** nas **catro provincias** que adquiriron o compromiso de prestar o apoio e os servizos que precisen os seus colexiados nos respectivos ámbitos provinciais.

Persoal Colexio:

No mes de outubro incorporóuse á oficina da sede do **Colexio Oficial de Xoiaría** Loli López, para substituír á xerente nese momento por encontrarse de baixa por maternidade.

Na actualidade, o persoal administrativo contratado na sede do **Colexio Oficial de Xoiaría**:

.....Dna. Lupe Santiso Castro

.....Dna. Loli López Iglesias

Delegación do **Colexio Oficial de Xoiaría** en A Coruña:

Gremio Provincial de Joyeros, Plateros y Relojeros de A Coruña

Pórtico de San Andrés, 1-1º - 15003 A Coruña

www.gremiojoyeroscoruna.es

persoal administrativo contratado:Dna. Virginia Noya Rodríguez

Delegación do **Colexio Oficial de Xoiaría** en Vigo:

Asociación de Joyería, Relojería y Platería de Pontevedra

rúa Príncipe, 22-4º - 36202 Vigo (Pontevedra)

www.asociacionjoyerosdepontevedra.es

persoal administrativo contratado:.....Dna. Mercedes Bao Fernández

Delegación de **Lugo – A Mariña**

Asociación de Joyeros de A Mariña

Delegación de **Ourense**

Asociación Empresarial de Joyerías, Platerías y Relojerías de Ourense



3.- Asembleas

1.- Asemblea Xeral Ordinaria (29 de abril de 2011)

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
Designación de interventores para a aprobación da acta.
- 2º.- Memoria de actividades do ano 2010.
- 3º.- Estado de contas do exercicio 2010 e, se procede, aprobación.
- 4º.- Orzamentos exercicio 2011 e, se procede, aprobación.
- 5º.- Informe sobre proceso de Eleccións á Xunta de Goberno 2011.
- 6º.- Obxectivos 2011 e proxecto campaña publicitaria de Nadal.
- 7º.- Rogos e preguntas.

2.- Asemblea Xeral Extrordinaria (27 de maio de 2011)

Asuntos tratados:

- 1º.- Designación de interventores para a aprobación da acta.
- 2º.- Reforma dos Estatutos do **Colexio Oficial de Xoiaría**.

3.- Asemblea Xeral Extrordinaria (24 de setembro de 2011)

Asuntos tratados:

- 1º.- Ratificación por Asemblea, se procede, da candidatura única presentada ás eleccións á Xunta de Goberno.
- 2º.- Proxecto campaña publicitaria de Nadal 2011 – 2012.

4.- Asemblea Xeral Ordinaria (19 de novembro de 2011)

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
Designación de interventores para aprobación da acta.
- 2º.- Informe do Presidente.
- 3º.- Orzamentos exercicio 2012 e, se procede, aprobación.
- 4º.- Rogos e preguntas.



4.- Reunións da Xunta de Goberno

1.- 26 de xaneiro de 2011

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2º.- Informe do Presidente.
- 3º.- Acordo de convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria.
- 4º.- Obxectivos para 2011.
- 5º.- Revisión de propostas para convenios de colaboración.
- 6º.- Peche de conta de axuda humanitaria para Haití e elección ONG destino.
- 7º.- Informe de situación de colexiados debedores á data.
- 8º.- Altas e baixas.
- 9º.- Rogos e preguntas.

2.- 30 de marzo de 2011

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2º.- Informe do Presidente.
- 3º.- Aprobación, se procede, do estado de contas do exercicio 2010.
- 4º.- Aprobación se procede de Orzamentos para o exercicio 2011.
- 5º.- Proposta de modificación dos art. 34, 48, 51, 54, 55, 63 e 70 dos Estatutos, e aprobación se procede.
- 6º.- Nomeamento e contratación auditoría de contas.
- 7º.- Calendario para a convocatoria de eleccións a Xunta de Goberno.
- 8º.- Constitución comisión deontolóxica.
- 9º.- Designación membros do comité de valoración previsto no convenio con Galicia Calidade.
- 10º.- Presentación de informe de propostas da Comisión de Xemoloxía.
- 11º.- Revisión de propostas para convenios de colaboración.
- 12º.- Altas e baixas.
- 13º.- Rogos e preguntas.



3.- 27 de maio de 2011

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2º.- Informe do Presidente.
- 3º.- Seguemento proceso electoral e resolución de posibles incidencias.
- 4º.- Estado de colexiados debedores á data. Expedientes.
- 5º.- Revisión de propostas recibidas no Colexio.
- 6º.- Relacións coa Asociación Española. Convenio.
- 7º.- Altas e baixas.
- 8º.- Rogos e preguntas.

4.- 29 de xuño de 2011

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2º.- Informe do Presidente.
- 3º.- Preparación convocatoria novo proceso electoral
- 4º.- Estado de colexiados debedores á data: estado expedientes e reclamacións.
- 5º.- Altas e baixas.
- 6º.- Rogos e preguntas

5.- 7 setembro de 2011

Asuntos tratados:

- 1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
- 2º.- Estudo de proposta para a campaña publicitaria de Nadal 2011-2012.
- 3º.- Preparación actividades San Eloy 2011.
- 4º.- Proxecto de Lei de Protección do Consumidor Galego.
- 5º.- Altas e baixas.
- 6º.- Rogos e preguntas.



6.- 24 de setembro de 2011

Asuntos tratados:

Punto \u00fanico. - Acto p\u00fablico de toma de posesi\u00f3n de cargos da nova Xunta de Goberno ratificados na Asemblea Xeral precedente a esta Xunta.

7.- 6 de outubro de 2011

Asuntos tratados:

- 1\u00b0.- Reun\u00edon coa axencia de publicidade Imaxe. Pechar contrataci\u00f3n campaa publicitaria 2011.
- 2\u00b0.- Lectura e aprobaci\u00f3n, se procede, da acta da reuni\u00f3n anterior.
- 3\u00b0.- Informe do Presidente.
- 4\u00b0.- Constituci\u00f3n Comisi\u00f3n Deontol\u00f3xica.
- 5\u00b0.- Actos San Eloy.
- 6\u00b0.- Informe de situaci\u00f3n de colexiados debedores \u00e1 data.
- 7\u00b0.- Baixas.
- 8\u00b0.- Obxectivos 2012.
- 9\u00b0.- Convocatoria Asemblea Xeral Ordinaria para presentaci\u00f3n do Orzamento para o ano 2012.
- 10\u00b0.- Rogos e preguntas.

8.- 3 novembro de 2011

Asuntos tratados:

- 1\u00b0.- Lectura e aprobaci\u00f3n, se procede, da acta da reuni\u00f3n anterior.
- 2\u00b0.- Informe do Presidente.
- 3\u00b0.- Aprobaci\u00f3n, se procede, de Orzamentos para o exercicio 2012.
- 4\u00b0.- Altas e baixas.
- 5\u00b0.- Rogos e preguntas.



5.- Axenda de actos e reunións de Comisións

- 26 de xaneiro:

Reunión co xerente de Galicia Calidade con vistas á creación dun protocolo que permita incorporar os fabricantes e artesáns a Galicia Calidade e usar a súa marca.

- 4 febreiro:

Reunión Consellería de Economía e Industria. Sinatura do convenio de colaboración entre o **Colexio Oficial de Xoiaría** e a Consellería de Economía e Industria, en virtude do cal as pezas elaboradas por xoieiros galegos poderán beneficiarse do respaldo do selo **Galicia Calidade**.

- 25 a 28 de febreiro:

Coordinación da presenza de cinco empresas de membros do **Colexio Oficial de Xoiaría** na Feira Internacional de Xoiaría Inhorgenta, en Munich.

-3 marzo:

Sinatura convenio de colaboración con **Gravograph**.

- 8 marzo:

Reunión con D. Ángel Tahoces, Director Xeral de Industria, Enerxía e Minas.

- Presentación do novo subdirector xeral de Administración Industrial, D. Tomás Nogueiras Nieto, e do responsable do Servizo de Metroloxía e Laboratorios Oficiais, Rafael Vega Riveiro.

- Laboratorio de Contrastación de Metais: plantéxase a posibilidade de externalizar este servizo e traspasar a xestión ó sector.

Prevese a creación dun grupo de traballo no que, ademais dos técnicos da Consellería, estén presentes os representantes do sector, o que permitirá en adiante participar directamente na organización dos servizos e cuestións que nos afectan.

- Locais vacíos na sede do Laboratorio que poderían servir para unha futura escola de Xoiaría. Estudiar posibilidades de cesión e a sinatura dun convenio con Educación.



- 30 marzo:

Reunión do xurado para fallar os premios do II Certame “Deseña unha xoia para a túa nai”.

Sinatura de convenio de colaboración co Gran Hotel La Toja.

Reunión da comisión de fabricantes.

- 13 abril:

Inauguración na Estación Marítima de Vigo da exposición de xoiaría galega **Tesouros Privados**, organizada pola Consellería de Economía e Industria. Exposición aberta do 13 de abril ó 30 de maio.

Despois do éxito que tivo a Exposición en Santiago, acordouse repetir esta mostra de forma itinerante noutras cidades españolas.

- 14 abril:

Reunión co Director do IGAPE para recabar o apoio deste ás empresas do sector, en particular a súa presenza no exterior para favorecer a exportación.

- 29 abril:

Entrega de premios do **II Certame “Deseña unha xoia para a túa nai”**, celebrada en Santiago de Compostela, coa presenza da Directora Xeral de Comercio entre outras autoridades.

-13 maio:

Reunión con responsables de R, en relación a unha proposta de proxecto de plataforma tecnolóxica, venda electrónica e central de compras.

- 14 e 15 xuño:

Xornadas comerciais para presentar as novidades máis destacadas en maquinaria de grabado, software, accesorios e consumibles para o sector da xoiaría e curso de formación en colaboración con Gravograph.

- 14 xuño na Delegación do **Colexio Oficial de Xoiaría** en Vigo.

- 15 xuño na Delegación do **Colexio Oficial de Xoiaría** na Coruña.

- 13 xullo:

Reunión coa axencia de publicidade Imaxe para estudar e seleccionar as propostas de **Campaña Publicitaria de Nadal 2011**.



- 7 setembro:

Reunión da **Comisión de promoción e servizos**, co obxecto de estudar propostas para a Campaña de Nadal 2011 e preparación de actividades para **San Eloi**.

- 6 outubro:

Reunión da **Comisión de fabricantes** para preparar a presentación do Proxecto de Deseño e comercialización para o Sector da Xoiaría en Galicia, elaborado pola Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol (Universidade da Coruña) en virtude do Convenio de colaboración asinado coa Federación Galega de Xoiaría, Prataría e Reloxería de Galicia.

- 11 novembro:

Reunión da Comisión de fabricantes con Eudi co obxecto de elaborar un calendario de traballo para a posta en marcha da segunda parte do convenio: a fabricación dalgunhas das xoias deseñadas polos alumnos.

- 25 novembro:

Presentación dos deseños seleccionados e reunión cos alumnos e profesores de Eudi, na Escola, en Ferrol. Presentación do proxecto ós medios de comunicación.

- 29 novembro:

Asistencia do Vicepresidente do **Colexio Oficial de Xoiaría** á Asemblea da Asociación Española de Joyeros, Plateros y Relojeros, en representación da Federación Galega de Xoieiros e do Colexio.

- 2 decembro:

Celebración da Gala da Xoiaría Galega con motivo de San Eloi na Coruña.

- 13 decembro:

Reunión coa Directora Xeral de Comercio, para tratar diversas cuestións:

- Campaña de promoción da xoiaría para o Nadal 2011. Apoio da Dirección Xeral de Comercio.
- Utilización da cidade da cultura como marco para exposición das pezas de Xoiaría creadas a partir dos deseños dos estudantes da Escola de Deseño de Ferrol.
- Problemas cos controis de calidade dos produtos que se comercializan coa marca Orfebrería Galega.



6.- Asesoría e atención de consultas

A título individual, atendéronse todo tipo de consultas de colexiados, en especial sobre:

- Procesos vendas en liquidación.
- Procesos vendas de saldo.
- Trámites cambio titularidade do negocio.
- Propiedade industrial (información trámites solicitudes rexistro deseño industrial)
- Autodiagnóstico ambiental de residuos.
- Información trámites de inscrición no Rexistro Galego de Comercio.
- Reparación de Xoiaría e relojería, problemática xurídica.
- Compravendas de ouro (requisitos e trámites de apertura).
- Normativa medidas de seguridade: información sobre modificacións á normativa vixente e prazos de adecuación ás mesmas, características medidas de seguridade según normativa, dispensa).
- Información convenios colectivos da industria e do comercio do metal.
- Información e identificación de fabricantes según contrastes de metais prezosos.
- Información sobre axudas en vigor (emprendedores, feiras, adquisición de equipos informáticos...)
- Normativa blanqueo de capitais.
- Información programas xestión de xoiaría.
- Normativa obxectos fabricados con metais prezosos. Requisitos de comercialización dos obxectos importados.
- Normativa Lei Orgánica de Protección de Datos.
- Normativa de prevención de riscos.



7.- Servizo de información xeral

Con carácter periódico o **Colexio Oficial de Xoiaría** redacta unha circular informativa coas últimas novidades de interese para o profesional colexiado.

Co obxectivo de facilitar e mellorar a comunicación, e en atención ás solicitudes de varios colexiados, desde o mes de novembro 2011 (Circular nº 18) modificouse o formato dos envíos. Con esta nova modalidade de Circular tamén se pretende potenciar o uso da páxina web onde os colexiados teñen á súa disposición información sobre a actividades diarias do **Colexio Oficial de Xoiaría**.

De xaneiro a decembro de 2011, enviáronse por correo electrónico: **21 circulares informativas:**

Circular nº 1:

Publicación da nova lei de comercio interior de Galicia e últimas convocatorias de subvencións no DOG:

- axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ós proxectos de consultoría externa dirixidos á análise económica-financeira das pequenas e medianas empresas.
- axudas do Instituto Galego de Promoción Económica á reorientación e competitividade das Pemes galegas, en parte cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2007 -2013

Circular nº 2:

Convocatoria de axudas do IGAPE á internacionalización das empresas galegas, Plan Renove de Equipos de Iluminación Interior (INEGA), convocatoria de subvencións para o apoio ó emprendemento feminino (Programa Emega) e prorroga de prazo de solicitude das axudas do IGAPE para o apoio financeiro ós investimentos das pequenas e medianas empresas de Galicia financiadas con fondos ICO.

Circular nº 3:

Publicación no BOE das medidas anticrise adoptadas polo Goberno e sinatura do Acordo Económico e Social polo Goberno, CEOE, CEPYME e os sindicatos.

**Circular nº 4:**

Últimas convocatorias de Subvencións do Igape (Programas Re-Solve + e Re-invirte Ferrol), publicación das medidas urxentes adoptadas en materia de emprego e publicación no BOE da Orde INT/317/2011, sobre medidas de Seguridade Privada.

Circular nº 5:

Modificacións en materia de medidas de seguridade: Resumo detallado da Orde INT/317/2011 sobre medidas de seguridade privada.

Circular nº 6:

Convenio suscrito co Gran Hotel La Toja e renovación do acordo asinado con Banesto.

Circular nº 7:

Oferta formativa do **Colexio Oficial de Xoiaría** en colaboración con Artesanía de Galicia.

Circular nº 8:

Convenio de Colaboración suscrito con Gravograph.

Circular nº 9:

Últimas convocatorias de subvencións e prórroga de prazos para solicitudes de incentivos publicados no DOG e no BOE:

- establecemento dun sistema de redución de cotizacións por contingencias profesionais ás empresas que contribúsen especialmente á diminución e prevención da sinestralidade laboral.
- adhesión de dúas entidades financeiras ó convenio de colaboración para a habilitación dun programa de apoio financeiro ó financiamento para circulante, refinanciamento de pasivos e ampliación de capital das pequenas e medianas empresas, suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (re-Solve +).
- bases reguladoras para a concesión de axudas en materia de traballo en igualdade das mulleres de Galicia e convocatoria para o exercicio 2011.
- bases reguladoras para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo e se procede á súa convocatoria.
- subvencións para a adquisición de vehículos eléctricos durante 2011, no marco do Plan de acción 2010-2012 do Plan integral de impulso ó vehículo eléctrico en España 2010-2014.

**Circular nº 10:**

Autodiagnóstico ambiental de residuos 2011.

Circular nº 11:

Principais novidades da reforma da negociación colectiva, últimas convocatorias de axudas do Igape para apoiar os investimentos dos emprendedores, as microempresas e as pemes galegas (Programa Re-Imaxina) e ampliación da vixencia do Plan Renove de Equipos de Climatización 2010.

Circular nº 12:

Calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Circular nº 13:

Modificación do prazo de ingreso en período voluntario dos recibos do Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2011 e lugar de pago.

Circular nº 14:

Oferta seguro de accidentes colectivo.

Circular nº 15:

Convocatoria de subvencións para o fomento da propiedade industrial, publicación dos modelos oficiais de inscrición no Rexistro Galego de Comercio e medidas aprobadas polo Consello de Ministros para fomentar a protección social dos cidadáns, a sostibilidade das finanzas públicas e o apoio ós emprendedores.

Circular nº 16:

Convocatoria de subvención para promover a sociedade da información no Comercio minorista galego, mediante a adquisición de ordenadores, software de xestión e outros equipamentos por parte dos comerciantes galegos.

Circular nº 17:

Domingos e festivos de apertura comercial autorizada para o ano 2012.



Atendendo ás solicitudes de mellora de comunicación desde a oficina do Colexio, iníciase, con esta circular, un cambio no sistema de comunicación.

Para facilitar a lectura da información enviada desde o Colexio, próbase un novo sistema de envío, recopilando toda a información nun único documento.

Circular nº 18/2011, data de envío: 14-11-2011

- Alertas de seguridade
- Axudas e subvencións (Rexistro Galego de Comercio)
- Concursos (Next Jeneration Jewellery Talent Contest, Vicenza)
- Recordatorio convenios e colaboracións Colexio Oficial de Xoiaría (Versión Galega, M&R Tools, Tempu, Mapfre, Millennium, Protese, Gran Hotel La Toja, Gravograph, Banesto, Eudi)
- Solicitud Programa Xente Emerxente, TVG
- Campaña de publicidade de Nadal
- Empresa (Factura electrónica, publicación de festivos locais no DOG, anuncio Pandora)
- Feiras e exposicións (Antwerp Diamond Trade Fair, Iberjoya, Inhorgenta, Ambiente, Baselworld)
- Reunións e visitas (Gala San Eloi na Coruña e entrega de Seguetas e medalla, Visitas a colexiados por Galicia)
- Proposta de varias pezas grandes, de prata por un particular.

Circular nº 19/2011, data de envío: 22-11-2011

- Alertas de Seguridade
- Axudas e Subvencións (Rexistro Galego de Comercio, Prácticas non laborais por persoas xoves)
- Convenios e colaboracións do Colexio (Pólizas pechadas do seguro de xoiaría Millennium, realización pezas Eudi por colexiados, Rolda de prensa en Eudi)
- Campaña de publicidade de Nadal (Posibilidade de personalizar a publicidade)
- Empresa (Aclaración oferta de cursos obrigatorios en materia de emerxencia, primeiros auxilios e loita contra-incendios, Normativa Blanqueo de Capitais, Situación Xurídica das Composturas)
- Reunións e visitas (Gala San Eloi na Coruña, Posibilidade de xestionar transporte)
- Oferta de traballo para unha tenda.
- Apertura do facebook do Colexio



Circular nº 20/2011, data de envío: 02-12-2011

- Alertas de seguridade
- Axudas e subvencións (Rexistro Galego de Comercio)
- Cursos (Propostas de deseño asistido por ordenador, montaxe de pezas, reparador de reloxios, xemoloxía)
- Inicio da Campaña de Publicidade de Nadal
- Gala de San Eloi
- Proposta de caixas en madeira torneada para xoiaría

Circular nº 21/2011, data de envío: 22-12-2011

- Alertas de seguridade
- Axudas e subvencións (Rexistro Galego de Comercio, Axudas Plan Vehículos Eficientes 2011, Renovación Fiestras 2011, Proxectos de enerxías renovables)
- Convenios e colaboracións do Colexio (Banesto)
- Concursos, cursos (Posta en marcha III Deseña unha xoia para a túa nai, Portojóia Design, Propostas de cursos da circular nº20)
- Recordo Campaña de Nadal e calendario de emisións
- Empresa (Encontro Internacional Economía e Cultura)
- Gala San Eloi (publicación das fotos do acto e do resultado do sorteo do cruceiro)
- Web Colexio e facebook

Tamén se enviaron 36 correos informativos, con información xeral sobre actividades formativas e informativas doutras organizacións, entidades e escolas (Cámaras de Comercio, Escuela del Atlántico, CEIG – AGN Gemólogos...), feiras, misións comerciais...

Así mesmo, enviáronse 20 correos de alerta:

- 16 correos con resumos periódicos remitidos desde a Asociación Española de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros.
- 4 correos con alertas locais comunicadas polas delegacións do **Colexio Oficial de Xoiaría**.

Para adaptarse ós novos medios de comunicación, desde o 1 de decembro, o **Colexio Oficial de Xoiaría** conta cunha páxina en **facebook**, na que se publica información de interese xeral.



Enquisas Colexio Oficial de Xoiaría:

A principios de 2011 enviouse desde o Colexio unha enquisa a tódolos colexiados co fin de obter información que permita mellorar a prestación dos servizos e adaptar as liñas de actuación do **Colexio Oficial de Xoiaría** ás necesidades actuais dos colexiados.

As enquisas remitíronse por correo electrónico e correo postal, e para acadar unha participación máis ampla, tamén se fixeron enquisas telefónicas a unha importante parte dos colexiados desde a oficina do **Colexio Oficial de Xoiaría** e as súas delegacións.

A análise dos resultados das enquisas revela que a meirande parte dos colexiados non só descoñece o funcionamento de todos ou algúns dos servizos que ofrece o **Colexio Oficial de Xoiaría**, senón tamén a existencia dos mesmos.

Visitas a colexiados:

Á vista dos resultados sinalados no apartado anterior, a actual Xunta de Goberno considerou oportuno dar un paso máis na campaña xeral de comunicación cos colexiados, emprendida a principios de ano, e no mes de outubro iniciou un plan de visitas a colexiados.

Agás as visitas solicitadas polos colexiados, o resto seleccionáronse de forma aleatoria e concertáronse previamente por teléfono.

As visitas son realizadas por Loli López, que se incorporou ó **Colexio Oficial de Xoiaría** no mes de outubro.

O programa de visitas segue en funcionamento e está resultando unha ferramenta moi útil para coñecer a información que precisa o Colexio para que o seu traballo redunde na utilidade de tódolos colexiados.



8.- Campaña de Nadal



Un ano máis, a Xunta de Goberno do Colexio Profesional de Xoiaría, considerou convinte continuar apostando pola promoción e impulso da imaxe do sector, co obxectivo de aumentar o protagonismo do regalo de xoiaría no período do Nadal e como ferramenta fundamental para afrontar a actual conxuntura económica. A campaña cun orzamento de máis de cento dez mil euros foi desenvolvida no marco de colaboración asinado coa Federación Galega de Xoieiros, Plateiros e Reloxeiros e co apoio da Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Comercio.

Despois da primeira campaña de promoción do sector que se desenvolveu durante os anos 2009 e 2010, en 2011 lanzouse unha nova campaña de publicidade, elaborada sobre a imaxe da campaña anterior co fin de manter a continuidade dunha imaxe da xoiaría que empeza a ser habitual e coñecida na sociedade, conseguindo deste xeito fortalecer as campañas anteriores. A nova campaña estivo orientada a conseguir un incremento no nivel de vendas e estivo estreitamente vinculada ó profesional colexiado, destacando a busca do distintivo do **Colexio Oficial de Xoiaría** como garantía de profesionalidade.

A campaña publicitaria desenvolveuse do 1 de decembro de 2011 ó 4 de xaneiro de 2012 e os soportes seleccionados para a súa difusión foron a televisión (TVG e V Televisión) e a radio (Onda Cero Galicia, Cadena Ser Galicia, Cadena Cope Galicia e Radio Galega) por ser medios de comunicación que chegan doadamente ó público e a unha gran cantidade de persoas e no exterior, autobuses urbanos e interurbanos.





decembro – 4 xaneiro)

Televisión: Do 15 de decembro ó 4 de xaneiro emitíronse:

- **TVG:** **61 spots** de 20 e 10 segundos.

- **V Televisión:** **300 spots** de 10 segundos (10 spots diarios), dos cales 60 ó mediodía e outros 60 en horario de máxima audiencia (*prime time*).


Radio: **223 cuñas** repartidas en programación semanal de mañá e tarde de **Onda Cero, Cadena Ser, Cadena Cope e Radio Galega**. Emisións de radio a nivel autonómico (15

Exterior: contratouse durante todo o mes de decembro **publicidade en autobuses**. En total, **27 traseiras integrais** distribuídas entre liñas urbanas e metropolitanas dos 7 núcleos principais (A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Vilagarcía) e varias liñas de conexión entre poboacións distantes: zona de Ribeira, área de Muros e Noia, Mariña Lucense, o interior de Lugo por Sarria e Monforte, a costa de Pontevedra hacia Marín e Cangas, zona de A Guarda e as zonas de O Carballiño e San Ciprián (Ourense).





Para dar maior forza e unidade ó sector, así como para evitar os elevados custos que conleva realizar unha campaña publicitaria a título individual, tódolos colexiados puideron utilizar a imaxe desta campaña, personalizala co seu nome e facer uso da mesma.




Memoria económica da Campaña

MEDIOS AUDIOVISUALES: T.V. Y RADIOS	47.243,16 €
EXTERIOR: AUTOBUSES :	35.565,15 €
Remontaxe e post- produción de spot, grabación de cuñas e dereitos da modelo	7.800,00 €
Seguimento da Campaña e artes finais das pezas	2.000,00 €
TOTAL CAMPAÑA (sen IVE)	92.608,31 €



9.- Celebración San Eloi

O Colexio Oficial de Xoiaría celebrou a súa tradicional Gala Anual da Xoiaría Galega na honra de San Eloi, patrón dos xoieiros, o sábado 3 de decembro, cunha cea de confraternidade no Hotel Meliá María Pita da Coruña. A Gala que estivo presidida por D. Oscar Rodríguez Blanco, Presidente do **Colexio Oficial de Xoiaría** contou no só coa presenza dos máis recoñecidos profesionais da xoiaría galega, senon tamén coa de numerosas autoridades, entre outras o Sr. Conselleiro de Economía e Industria, a Sra. Primeira Teniente de Alcalde do Concello da Coruña, a Sra. Directora Xeral de Comercio e a Sra. Xerente da Fundación Galega de Artesanía.



Con esta celebración non só se pretendeu honrar ó noso patrón, senón que esta festividade serva tamén de punto de encontro e reunión para tódolos colexiados e se convirta nunha forma máis de proxección pública da Xoiaría galega.

Como ven sendo habitual, o momento máis destacado e emotivo da celebración foi o acto institucional de recoñecemento e homenaxe a aqueles que contribuíron ó desenrolo do noso sector.



Nesta ocasión, distinguíuse coa Segueta de Prata, en recoñecemento a toda unha vida adicada a profesión, ós seguintes colexiados:



- D^a. Alsira Gómez Lorenzo
- D^a. María Ángeles Feijóo Sánchez
- D. Jesús Benigno Carreira Braña
- D^a. Pilar Fernández Pato





Asimesmo, no apartado de colexiados, rendeuse unha merecida homenaxe a D. Juan Manuel Candame Areosa, presidente da Asociación Española de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros, a quen se fixo entrega da Segueta de Ouro pola súa gran aportación e impulso á xoiaría galega non só a nivel nacional senón tamén internacional, así como por tódalas iniciativas emprendidas en pro do sector.

Xunto a eles, decidiuse rendir homenaxe, no apartado de non colexiados, mediante a entrega da medalla do Colexio, a D. Antonio Couceiro Méndez, exconselleiro de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, polo seu decidido apoio á xoiaría galega durante a súa etapa na Administración.

A entrega da medalla fíxose en xaneiro do presente ano nun encontro mantido co Sr. Couceiro, quen por motivos de axenda non pudo asistir ó acto celebrado en decembro.



Tal e como se comunicara, a celebración de San Eloi foi o escenario do sorteo dun cruceiro para dúas persoas, entre tódolos colexiados que contribuíran coas súas aportacións a facer realidade a campaña publicitaria de Nadal. O afortunado foi Benjamín Fernández Rodríguez, do Grove. ¡¡¡Os nosos parabéns!!!



Nesta ocasión, igual que o pasado ano, a xunta de Goberno do Colexio facilitou a participación dos mozos, reducindo nun 50% o importe do cuberto para os colexiados de 25 anos ou menos, así como para os alumnos da Escola Mestre Mateo e a Escola do Atlántico, o futuro do noso sector.



10.- Concurso “Deseña unha xoia para a túa nai”

Co motivo da celebración do Día da Nai, o **Colexio Oficial de Xoiaría** convocou por segundo ano consecutivo o “Certame Deseña unha xoia para a túa nai”, dirixido a tódolos escolares de infantil e primaria de Galicia.

Tras o éxito obtido na súa primeira edición, o certame demostrou que se trata dunha iniciativa con vocación de consolidarse, non só no calendario de actividades do **Colexio Oficial de Xoiaría** senón nos propios centros escolares, como demostran os case 5.000 deseños recibidos. Este éxito non só hai que plasmalo no aspecto cuantitativo, senón tamén no cualitativo, pola creatividade mostrada nos deseños presentados e pola calidade das pezas realizadas como resultado destes.



Mantendo a idea orixinal, a dinámica do concurso animaba ós pequenos de 0 a 12 anos a imaxinar que xoia regalarían á súa nai e enviar o seu deseño. O premio á súa creatividade consistiu en ver feito realidade o seu deseño, que foi entregado ós gañadores nun acto celebrado o venres 29 de abril, xusto a tempo para regalar no día sinalado.

Os dípticos de participación comezaron a remitirse ós centros escolares de toda Galicia, a partir do mes de xaneiro animando ós colexios a involucrarse no proxecto, convite que obtivo unha magnífica resposta grazas á inestimable colaboración dos máis de 200 centros educativos participantes.

Como novidade nesta segunda edición, os deseños presentados dividíronse en catro categorías de idade: de 0 a 4 anos, de 5 a 7, de 8 a 10 e de 11 a 12 anos. Tamén se aumentou o número de premiados a 80 finalistas por categoría, que recibiron un diploma acreditativo e, de entre eles, 12 gañadores (3 por cada categoría), que puideron ver o seu debuxo convertido nunha xoia real.



O emotivo acto de entrega de premios reuniu no Hotel Torres de Compostela, en Santiago, a cerca de 300 persoas e contou coa participación de Dña. Socorro García, Tenente de Alcaldía e Concelleira de Cultura do Ayto. de Santiago, Dña. M^a Nava Castro, Directora Xeral de Comercio, Dña. Mercedes Rosón, Concelleira de Educación, Dña. Elena Fabeiro, Xerente da Fundación Centro Galego dá Artesanía e do Deseño e con varios dos membros do xurado, entre eles a xornalista Dña. Ana Iglesias, o escultor D. Ramón Conde, o Director da Escola Técnica de Xoiaría do Atlántico, D. Carlos Pereira e o Director da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo, D. Santiago Riande.



Como se puxo de manifesto nas dúas primeiras edicións do Certame, con esta Campaña, ademais de estimular a creación e imaxinación dos máis pequenos, preténdese dirixir a atención da sociedade hacia o sector da xoiaría, facelo máis visible, tanto desde unha



dimensión formativa, garantizando a profesionalización, competencia e calidade do sector actual e futuro, como desde unha dimensión práctica, recordando e resaltando nos días previos á celebración do Día da Nai, a relevancia dunha xoia para conmemorar unha ocasión tan especial. Neste senso, esta Campaña permite ó xoieiro ofrecer ó seu cliente a posibilidade de facer realidade os deseños dos máis pequenos ou axudarlle a buscar dentro das diferentes opcións do mercado a xoia perfecta para a súa nai.

Deseños premiados:

II Certame "Deseña unha Xoia para a túa Nai" - 2011

Gañadores categoría de 0 a 4 anos




Soledad Mato

Héctor Fernández
Colexio Virxe do Carme
(Sober)



Andrea Piñeiro
Escuela del Atlántico

Alejandro da Cruz
Colexio S. Apostolo
(Pontearreas)



Adrián Gómez
Colexio Lar (Mos)

Aldara Ventoso
Escuela del Atlántico

Gañadores categoría de 5 a 6 anos



Diego Pampín
Colexio Calasancias
(A Coruña)

Ardentia



Taller Crisol

Esteban Alvarez
CEIP Castrelo de Miño
(Ourense)



Tomás González
G.E. Castro San Miguel
(Vigo)



Laura Pinzón
Escuela del Atlántico



II Certame "Deseña unha Xoia para a túa Nai" - 2011

Gañadores categoría de 8 a 10 anos



Diego Rodríguez
CEIP Canosa-Rus
(Coristanco)



Damián Alonso
Escuela del Atlántico

Gañadores categoría de 11 a 12 anos



Lucas Hermida
CEIP Castrelo de Miño
(Ourense)



Inés Sánchez
Escuela del Atlántico



Fink Orfebres



Pablo Villaverde
C. Santo Angel
(Ourense)



Unión Joyera
de Bergondo



Selene García
C. Calasancias
(A Coruña)



Miriam Gil
CEIP Vedra



Oscar Rodríguez



Nicolás Cabaleiro
C.M. Padín Truiteiro
(Soutomaior)



EASD
Mestre
Mateo



11.- Acordos

I.- Acordos asinados en 2011

1.- Galicia Calidade:

No mes de febreiro do pasado ano materializouse a firma do convenio de colaboración acadado entre o **Colexio Oficial de Xoiaría** e a Consellería de Economía e Industria, en virtude do cal as pezas elaboradas por xoieiros galegos poderán beneficiarse do respaldo do selo Galicia Calidade.



Para incorporarse ó uso da marca Galicia Calidade as pezas ou coleccións de xoiaría deben cumprir os requisitos técnicos que se conteñen nos pregos de condicións aprobados por Galicia Calidade coa colaboración do **Colexio Oficial de Xoiaría**, en particular:

- Os artesáns e fabricantes terán o seu centro principal de produción situado en Galicia; ademais, o obradoiro ou centro de produción deberá estar dirixido por un profesional colexiado, garantía da súa capacitación ou habilitación profesional.
- Tódalas pezas deberán lucir acabados impecables e alcanzar unha lei mínima de 750 milésimas para o ouro, 925 para a prata e 950 para o platino.
- Os estoxos e embalaxes deberán ser idóneos para a peza de que se trate, acorde coa súa calidade e axeitado para a súa conservación. Os estoxos levarán visible o logo, firma ou marca do fabricante.
- Cada peza irá acompañada dun certificado descritivo do proceso de elaboración, composición e características da xoia, o seu nome, colección e data de fabricación; xunto co nome do fabricante e fotografías que a identifiquen.
- As pezas incorporadas a Galicia Calidade, estarán garantidas por un prazo mínimo de 3 anos, nos que os fabricantes disporán dun servizo de postvenda con garantía de resposta nun prazo máximo de 15 días.

Para control do cumprimento destes requisitos de calidade, o **Colexio Oficial de Xoiaría** asume o compromiso de asesorar á marca de garantía pública á hora de elaborar as auditorías



pertinentes para velar polo correcto uso do selo Galicia Calidade.

Con esta iniciativa, cúmprese o obxectivo de obter o apoio da Xunta de Galicia para a promoción do noso sector baixo o paraugas de Galicia Calidade. Esta ferramenta permitirá á xoiaría galega un maior posicionamento nos mercados nacionais e internacionais, potenciando o prestixio dos nosos profesionais.

2.- Gravograph:

No mes de abril de 2011 asinouse un convenio de colaboración con Gravograph, un dos líderes mundiais en tecnoloxía de gravado, tanto mecánico como láser.

Este acordo permite ós colexiados beneficiarse en condicións vantaxosas de produtos e servizos de grande interese para a súa actividade profesional:

- Descontos do 3% sobre a tarifa xeral en tódolos produtos e servizos Gravograph.



Contrato de mantemento e asistencia gratuíto de 1 ano, finalizado o período de garantía, para tódolos colexiados que adquiren un equipo de gravado Gravograph, que inclúe, entre outros, os seguintes servizos:

- Asistencia telefónica inmediata gratuíta.
- Desconto do 15% en pezas de reposto.
- Desconto do 5% en actualizacións do software.
- Man de obra gratuíta do técnico.
- Un mantemento preventivo anual do equipo.
- Cursos de formación gratuítos.

- Financiamento por renting para máquinas de gravado a partir dun valor neto de adquisición de 3.000 euros (esta modalidade de financiamento non require desembolsos iniciais, supón o pagamento de cómodas cotas e as cotas son deducibles ó 100%, tanto para sociedades coma para autónomos).

Ademais, como complemento esta oferta, Gravograph ofrece cursos de formación especialmente enfocados ó sector da Xoiaría, que serán gratuítos para aqueles que teñan un



contrato de mantemento ou unha máquina en período de garantía.

Froito deste acordo de colaboración, os días 14 e 15 de xuño de 2011 celebráronse nas cidades de Vigo e A Coruña as Xornadas Comerciais organizadas por Gravograph en colaboración co Colexio.

Estas xornadas permitiron que tódolos colexiados que o desexaron, coñeceran as novidades máis destacadas en maquinaria de gravado, software, accesorios e consumibles para o sector da xoiaría.

Como complemento a estas Xornadas, Gravograph ofreceu un curso de formación ós colexiados interesados en mellorar os seus coñecementos sobre o software de gravado das súas máquinas co obxectivo de aumentar a súa produtividade e rendemento, facilitándolle con iso o seu traballo diario así como os coñecementos necesarios para realizar traballos máis especializados. Tendo en conta a indubidable importancia e aporte que supoñen para o sector da xoiaría este tipo de xornadas e cursos, o Colexio agarda repetir o éxito acadado neste primeiro encontro, así como espertar o interese dos colexiados de toda a comunidade en sumarse a estos proxectos.

3.- Seguro de Accidentes de Convenio:

Tódalas empresas teñen a obriga de contratar un Seguro de Accidentes de Convenio nos termos do Convenio Colectivo que lle resulte de aplicación. Este deberá cubrir tódolos empregados da empresa dados de alta no TC-2.

En relación ó cumprimento desta obriga, o **Colexio Oficial de Xoiaría** constatou a diferenza de prezos e condicións do Seguro de Convenio contratados por algunhas empresas, especialmente preocupantes en canto que algunhas pólizas incorporan cláusulas limitativas da responsabilidade.

Por este motivo, o **Colexio Oficial de Xoiaría** puxo á disposición dos seus colexiados un Seguro de Accidentes Colectivo para as provincias da Coruña, Ourense, Lugo e Pontevedra.

Obviamente estes teñen coberturas distintas pois os Convenios Colectivos son diferentes, se ben se conseguiu un **prezo lineal de 12,50 €** por asegurado e ano, con independencia da provincia.



Esta oferta inclúe, ademais, sen maior custo para as empresas, as seguintes coberturas extraordinarias:

Garantías fóra de convenio incluídas en póliza exclusiva colexiados:

Gastos de enterro por Falecemento: 2.000,00 €

Gastos de adecuación da vivenda por Grande Invalidez ou Invalidez Absoluta: 2.000,00 €

Gastos de adecuación do vehículo por Grande Invalidez ou Invalidez Absoluta: 2.000,00 €

Así mesmo, aínda que non é obrigatorio, o **Colexio Oficial de Xoiaría** previu a posibilidade de que os **traballadores autónomos** interesados poidan subscribir un seguro similar coas mesmas garantías por **15 €** por asegurado e ano.

4.- Federación Galega de Xoiaría, Platería e Reloxería.

O Colexio asinou o pasado ano un convenio de colaboración coa Federación Galega de Xoiaría, Platería e Reloxaría en virtude do cal a Federación prestou apoio ós membros do Colexio nas seguintes actividades:

- **Proxectos de innovación de produto nas empresas do sector** grazas ó acordo suscrito pola Federación coa **Escola Universitaria de Deseño Industrial de Ferrol** (Universidade da Coruña) que desenrolou un proxecto denominado Xoiá Galicia Deseño e Desenrolo de novas propostas conceptuais para o sector da Xoiaría Artesanal en Galicia (Xoias e Elementos Expositivos).

- **Proxectos de promoción sectorial e en particular de comercio da xoiaría.** No marco deste convenio desenvolveuse a campaña de promoción da Xoiaría para o Nadal de 2011.

- **Cursos de formación.** Como ven sendo habitual as actividades de formación organizanse e fináncianse coa colaboración de ambas institucións, pois a base social e común.



5.- Gran Hotel La Toja

A oferta de convenios de colaboración que o **Colexio Oficial de Xoiaría** ten suscritos en beneficio dos seus colexiados víuse incrementada coa sinatura dun convenio co Gran Hotel La Toja (Pontevedra), un hotel balneario de cinco estrelas enclavado na Illa da Toxa.

Este acordo permitirá a tódolos membros do Colexio Oficial de Xoiaría e acompañantes, así como ós fillos ata os 25 anos de idade, beneficiarse de prezos e descontos especiais nas estancias e servizos contratados no emblemático hotel.

II.- Convenios asinados en anos anteriores con vixencia en 2011

Ademais dos convenios sinalados no punto anterior e que foron asinados en 2011, seguen vixentes os seguintes Convenios:

1.- Banesto:

Banesto actualiza a súa oferta, mellorando así as iniciais condicións ventaxosas dos servizos e produtos financeiros ofertados ós colexiados, entre as que cabe destacar:

- **TPV-GPRS**, sen cargos en concepto de coste de comunicacións e con **Tasa de Desconto Especial de 0,60 €**.
- **TPV virtual para comercio por internet**, cunha taxa de 1%.
- Inclúese un novo produto, **Conta Profesional** (para persoas físicas) que permitirá a tódolos colexiados disfrutar dun desconto do 10% dos recibos do R.E.T.A. ata 25 € mensuais.

2.- Mapfre:

Mapfre Familiar, compañía de Seguros e Reaseguros, S.A., en virtude do convenio de colaboración suscrito co Colexio, outorga a tódolos colexiados e os seus familiares directos a posibilidade de beneficiarse dun seguro privado de saúde de excelentes prestacións a un prezo realmente competitivo en relación co prezo xeral de mercado. En atención á gran diferenza que supón o lugar do domicilio de cada colexiado, posto que o cadro médico non é igual nas zonas urbanas que nas de menor densidade de poboación, no acordo inclúense dúas opcións de



produto, **Seguro de Asistencia e Seguro de Medisalud (Reembolso)**, para que podan elixir o máis adecuado as súas necesidades.

Os dous produtos poden completarse opcionalmente con diversas prestacións adicionais: Gran Cobertura (que permite ampliar os límites de cobertura do Seguro Medisalud), asistencia urxente no extranxeiro, garantía bucodental ampliada, descontos en medicina estética e tratamentos de beleza ou outras vantaxes.

O pago da prima, a cargo de cada titular, é anual podendo acordar o seu fraccionamento mensual, bimestral, trimestral ou semestral, sen recargo algún por este concepto.

3.- Morera&Vallejo – Millennium:

En virtude do convenio de colaboración asinado coa correduría Morera & Vallejo, os membros do **Colexio Oficial de Xoiaría** teñen actualmente a súa disposición en materia de seguro de xoiaría un produto composto por catro pólizas pechadas, con capitais predefinidos e a unhas condicións económicas especiais que poderán supoñer un importante aforro nos custos dos seus seguros, chegando a acadar nalgúns casos ata un 30%.

A compañía aseguradora seleccionada actualmente polos nosos corredores é Millennium Insurance Company, LTD. Como credenciais financeiras, a compañía acredita a súa estrutura e metodoloxía de traballo cun valor certificado ante a Financial Services Commission (U.K) e a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións (España).

A súa xestión aseguradora ven ademáis respaldada polos seus acordos reaseguradores de alto nivel nos primeiros postos de compañías europeas. Entre outros: Everest Re, Lloyd`s, Mapfre Re, Muchener, Nacional de Reaseguros e Swiss Re.

Poden beneficiarse das condicións recollidas neste acordo tódolos colexiados que, ademáis, recibirán a atención personalizada do mediador de seguros Alberto Moreno, auxiliar da correduría Morera y Vallejo adicado á atención dos nosos colexiados.

4.- Protese, S.L.:

Protese, S.L., empresa galega de primeiro nivel no seu sector , que rexistra o coeficiente máis baixo de falsas alarmas de Galicia, ofrece condicións vantaxosas ós colexiados na contratación dos seus servizos:

- Conexión con central receptora de alarmas por medio de liña telefónica para a súa



retransmisión ás Forzas da Orde ou persoas asignadas.

Importe conexión: 185,70 € + IVE

- Revisión preventiva anual obrigatoria do sistema de seguridade.

Importe revisión anual preventiva: 74,28 € + IVE

- Transmisión de imaxes á central receptora: visualización remota de imaxes que envían as cámaras durante un evento e os 30 segundos previos a dita alarma; chequeo contínuo de liña, o que permite ter un control de pre-alarma tras unha posible sabotaxe da liña telefónica para a súa verificación bidireccional remota dente a Central Receptora de Alarmas.

Importe anual do servizo: 103,00 € + IVE

5.- M&R Tools:

Ofrece importantes descontos sobre o prezo de venda ó público en produtos, ferramentas e maquinaria para obradoiro de xoiaría, instrumental de xemoloxía e microfusión, así como outras ferramentas e aparellos de marcas punteiras e coas últimas novidades tecnolóxicas.

6.- Versiongalega:

Só para membros do Colexio, presenta unha oferta especial en deseño de páxinas e solución web con descontos desde un 10% en web básica e dun 15% para opcións máis avanzadas, catálogos e tendas on line, e brinda, ademais, a posibilidade de financiación sen xuros.

III.-Proxectos en negociación

A Xunta de Goberno do **Colexio Oficial de Xoiaría** segue a traballar en diferentes propostas de convenios coa intención de poñer a disposición dos seus colexiados, sempre nas mellores condicións, aqueles produtos ou servizos que poidan resultar de interese para a súa actividade profesional.



12.- Cursos

O **Colexio Oficial de Xoiaría** ten entre os seus principais obxectivos potenciar a formación continua dos seus membros coa finalidade de ofrecerlles unha maior capacitación profesional e axudarlles a axilizar e mellorar o seu traballo diario, feito que supón un gran avance na profesionalidade do sector.

Baixo esta premisa, a oferta formativa do pasado ano organizouse atendendo ás preferencias e necesidades formativas indicadas polos colexiados nas enquisas realizadas desde o Colexio e en colaboración coa Federación Galega de Xoiaría.

Así, en 2011 leváronse a cabo os cursos de **Reparador de Reloxos** e **Xemoloxía (básico)** e os cursos de **Perfeccionamento de microfusión e apertura de moldes complexos** e **Soldadura Láser**, estes dous últimos organizados en colaboración con Artesanía de Galicia.

O lugar de realización dos cursos, fíxose, como sempre, atendendo ó domicilio da maioría de preinscritos ou a necesidade de obradoiro cando o curso precisa de instrumental ou maquinaria específica que faga imprescindible contar cun obradoiro que dispoña da dotación necesaria.

Mantendo esta liña de actuación, o Colexio seguirá apostando pola formación continua dos seus membros como a mellor arma para afrontar os novos retos profesionais e como medio que permitirá ós colexiados ofrecer calidade e seguridade en tódolos seus traballos, converténdose así nos profesionais cualificados que require a cidadanía.

I.- Curso de Reparador de reloxos

Data: 25, 26 e 27 de febreiro

Horas lectivas: 20

Alumnos: 10

Lugar: Delegación do Colexio na Coruña



II.- Curso de Xemoloxía

Data: 12, 13, 26 y 27 de marzo

Horas lectivas: 20

Alumnos: 10

Lugar: Santiago de Compostela

III.- Curso de Perfeccionamento de microfusión e apertura de moldes complexos:

Data: 20, 21 e 22 de maio e 3, 4 e 5 de xuño

Horas lectivas: 48

Alumnos: 10 (5 Colexio Oficial Xoiaría e 5 Artesanía de Galicia)

Lugar: Bergondo

IV.- Soldadura láser:

Data: 27, 28 e 29 de maio

Horas lectivas: 20

Alumnos: 10 (5 Colexio Oficial Xoiaría e 5 Artesanía de Galicia)

Lugar: Bergondo



13.- Presenza en medios de comunicación

Ademais das publicacións en prensa especializada en xoiaría (Contraste, Duplex, Gold Time...), destacamos as seguintes comunicacións:

29-01-2011: El Correo Gallego – Especial Joyería.

06-02-2011: Páxina Web Consellería Economía e Industria. Economía e Industria incorpora a xoiaría galega ó selo Galicia Calidade, co obxectivo de abrir novos mercados da man da excelencia e a innovación.

07-02-2011: El Correo Gallego – A xoiaría Galega súmase ó selo de garantía de Galicia Calidade.

07-02-2011: Páxina web Galicia Calidade. Economía e Industria incorpora á xoiaría galega ó selo Galicia Calidade co obxectivo de abrir novos mercados baixo o paraguas da excelencia e a innovación

07-02-2011: Galicia Hoxe – A xoiaría Galega incorpora o selo “Galicia Calidade”

11-02-2011: El Correo Gallego – Convocatoria II Certame Día da Nai

28-04-2011: El Correo Gallego – Número deseños presentados e finalistas

28-04-2011: La Voz de Galicia – Edición Carballo. Entrega premios II Certame Día da Nai

30-04-2011: El Correo Gallego – Entrega premios II Certame Día da Nai

30-04-2011: La Voz de Galicia – Entrega premios II Certame Día da Nai

03-05-2011: El Progreso – Dous alumnos de Sober finalistas no concurso “Deseña unha xoia para a túa Nai”

04-05-2011: La Voz de Galicia – Edición Carballo - II Certame Día da Nai

05-05-2011: La Voz de Galicia – Edición Monforte de Lemos - II Certame Día da Nai

08-05-2011: El Correo Gallego – Vida Social – entrega premios II Certame Día da Nai

31-10-2011: Monográfico El Correo Gallego, especial xoiaría (ver anexo nº XXX)

04-12-2011: La Voz de Galicia – Celebración San Eloi

30-11-2011: Galicia Digital – Gala San Eloy 2011

03-12-2011: Artesanía de Galicia. Consellería de Economía e Industria. Celebración San Eloi



14.- Censo Colexiados

O pasado ano incorporouse unha nova sección "*Censo de Colexiados*" á páxina web do Colexio (www.coxga.es), de acceso xeral para tódolos cidadáns e Colexiados, na que se poden localizar os Colexiados e acceder ós seus datos profesionais: número de Colexiado, estado de Colexación e enderezo profesional. Este último dato só se publica no caso dos Colexiados exercentes.

Coa publicación deste Rexistro dase cumprimento ó disposto no art. 5 da Lei 25/2009, de 22 de decembro, de Modificación de Diversas Leis para a súa adaptación á Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre o Libre Acceso ás Actividades de Servizos e ó seu Exercicio.



15.- Memoria económica

CUENTA DE PERDIDAS y GANANCIAS

Empresa 33 COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARÍA/11
Condiciones PERIODO : 01-01-11 / 31-12-11 (Importes en Euros)

Fecha 22-05-12

DEBE	EJERCICIO 11
GASTOS	289.010,94
2. Aprovisionamientos	38.782,39
6021. MATERIAL DE OFICINA	1.894,81
6025. CURSOS DE FORMACION	5.360,00
6070. TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS	8.491,04
6072. CONFECCIÓN NOMINAS	720,00
6073. CONFECCION CONTABILIDAD	9.834,64
6074. ASESORIA EXTERNA	18.576,00
6075. ELABORACION IMPUESTOS	376,00
6080. DEVOLUCIONES DE COMPRAS Y GASTOS	-6.470,10
3. Gastos de personal	49.621,48
6400. SUELDOS Y SALARIOS	37.341,79
6420. SEGURIDAD SOCIAL A CARGO DE LA EMPRESA	12.229,36
6490. OTROS GASTOS SOCIALES	50,33
4. Otros gastos de explotación	199.801,32
6210. ALQUILER OFICINA COLEGIO	11.246,85
6230. SERVICIOS DE PROFESIONALES INDEPENDIENTES	3.011,69
6231. GASTOS AUDITORIA	3.341,90
6260. GASTOS BANCARIOS	1.074,53
6271. PUBLICIDAD Y DIFUSION	67.774,48
6272. GASTOS REUNIONES	3.097,25
6273. GALA SAN ELOY	7.640,60
6280. CONSUMO AGUA Y ELECTRICIDAD	879,09
6291. COMUNICACIONES TELEFONICAS	944,90
6292. CORREOS Y TTES. URGENTES	3.023,30
6293. GASTOS DE VIAJE	2.180,42
6294. MANTENIMIENTO PAGINA WEB	1.111,00
6296. GASTOS LIMPIEZA OFICINA	2.189,90
6297. GASTOS INFORMATICA	1.341,23
6299. CERTAMEN DIA DA NAI	5.573,91
6310. OTROS TRIBUTOS	560,33
6341. AJUSTES NEGATIVOS IVA	20.777,25
6511. COLABORACIÓN ASOCIACIONES	43.200,00
6512. COLABORACION FEDERACION	9.000,00
6780. GASTOS EXTRAORDINARIOS	6.356,38
6940. PERDIDAS CREDITOS INCOBRABLES	5.476,25
5. Amortización del inmovilizado	805,75
6810. AMORTIZACIÓN DEL INMOBILIZADO MATERIAL	805,75
A) BENEFICIO DE EXPLOTACIÓN	4.063,06
B) RESULTADO FINANCIERO (BENEFICIOS)	2.829,78
C) RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS (BENEFICIOS)	6.892,84
D) RESULTADO DEL EJERCICIO (BENEFICIOS)	6.892,84



CUENTA DE PERDIDAS y GANANCIAS

Empresa 33 COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARA/11
Condiciones PERIODO : 01-01-11 / 31-12-11 (Importes en Euros)

Fecha 22-05-12

H A B E R	EJERCICIO 11
INGRESOS	295.903,78
1. Importe neto de la cifra de negocios	-1.271,02
7080. DEVOLUCIONES CUOTA ORDINARIA	-26,00
7081. DEVOLUCIONES CUOTA PUBLICIDAD	-1.245,02
5. Otros ingresos de explotacion	294.081,52
7210. CUOTAS ASOCIADOS	214.198,00
7220. PROMOCION PARA CAPTACION DE RECURSOS	71.133,52
7231. COLABORACIONES DE PATROCINADORES	900,00
7402. SUBVENCION FOMENTO DE EMPLEO	2.000,00
7780. INGRESOS EXCEPCIONALES	5.850,00
10. Deterioro y resultado por enajenaciones de inmovilizado	263,50
7900. CORRECCION EXCESO AMORTIZACION INMOVILIZADO	263,50
A) PERDIDA DE EXPLOTACION	0,00
11. Ingresos financieros	2.829,78
7690. OTROS INGRESOS FINANCIEROS	2.829,78



BALANCE DE SITUACION

Empresa 33 COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARÍA/11
Condiciones PERIODO : 01-01-11 / 31-12-11 (Importes en Euros)

ACTIVO	EJERCICIO 11
A) ACTIVO NO CORRIENTE	2.705,50
I. Inmovilizado intangible	13,00
206. Aplicaciones informáticas	871,00
280. Amortización acumulada de inmovilizado intangible	- 858,00
II. Inmovilizado material	2.692,50
216. Mobiliario	1.849,50
217. Equipos para procesos de información	616,50
281. Amortización acumulada del inmovilizado material	226,50
B) ACTIVO CORRIENTE	228.345,15
II. Existencias	200,00
407. Anticipos a proveedores	200,00
III. Deudores comerciales y otras cuentas a cobrar	36.563,73
1. Clientes por ventas y prestaciones de servicios	29.501,34
434. Clientes, empresas asociadas	29.501,34
3. Otros deudores	7.062,39
470. Hacienda Pública, deudora por diversos conceptos	7.062,39
V. Inversiones financieras a corto plazo	34.000,00
542. Créditos a corto plazo	34.000,00
VII. Efectivo y otros activos líquidos equivalentes	157.581,42
570. Caja, euros	312,73
572. Bancos e instituciones de crédito c/c vista, euros	157.268,69
TOTAL ACTIVO	231.050,65



BALANCE DE SITUACION

Empresa 33 COLEXIO PROFESIONAL DE XOIARÍA/11
Condiciones PERIODO : 01-01-11 / 31-12-11 (Importes en Euros)

PATRIMONIO NETO Y PASIVO	EJERCICIO 11
A) PATRIMONIO NETO	219.582,68
A-1) Fondos propios	219.582,68
I. Capital	163.447,60
1. Capital escriturado	163.447,60
101. Fondo social	163.447,60
V. Resultados de ejercicios anteriores	49.242,24
121. Resultados negativos de ejercicios anteriores	49.242,24
VII. Resultado del ejercicio	6.892,84
129. Resultado del ejercicio	6.892,84
C) PASIVO CORRIENTE	11.467,97
V. Acreedores comerciales y otras cuentas a pagar	11.467,97
2. Otros acreedores	11.467,97
410. Acreedores por prestaciones de servicios	5.166,95
465. Remuneraciones pendientes de pago	3.296,37
475. Hacienda Pública, acreedora por conceptos fiscales	1.744,59
476. Organismos de la Seguridad Social, acreedores	1.260,06
TOTAL PATRIMONIO NETO Y PASIVO	231.050,65



16.- Proxectos 2012-2013

Para os anos 2012-2013 estase a traballar, entre outros, nos seguintes proxectos:

Novo dominio coxga.es

Para axilizar a súa divulgación e utilización, cambiouse o dominio do **Colexio Oficial de Xoiaría**, que pasou a ser: **coxga.es** (que é o resultante das iniciais **Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia**)

Os enderezos de correo-e da oficina son agora:

info@coxga.es

llopez@coxga.es

Imaxe renovada da páxina web

Estase a traballar para conseguir unha páxina web máis accesible e dinámica tanto nos contidos públicos como nos reservados ós colexiados.

Promoción exterior: Inhorgenta 2012-Munich

Por segundo ano, o **Colexio Oficial de Xoiaría** e a Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros xestionaron o apoio prestado por parte de Pexga e do Igape, a un grupo de sete xoieiros colexiados que estivo expoñendo na Feira internacional de xoiaría Inhorgenta, nun stand agrupado.

Campaña de San Valentín:

Ante a importancia da campaña comercial de San Valentín para todo o sector colexiado, o Colexio convocou en febreiro 2012, a través da rede social **Facebook**, unha campaña de captación de fans e de divulgación dos puntos de venda de profesionais colexiados, a través dun concurso.

Curso de Deseño por ordenador:

Atendendo ás solicitudes recibidas no Colexio Oficial de Xoiaría, e, en colaboración coa Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño e a Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros, realizáronse, respectivamente, dous cursos de deseño asistido por ordenador: Rhinogold e 3Design.



Campaña do Día da Nai:

Celebrouse a IIIª edición do Certame “Deseña unha xoia para a túa nai”, cun récord de participación, chegando ós 7.167 deseños que entraron a concurso. O acto de entrega, no CGAC, resultou un éxito, superando os 300 asistentes e contando coa seguinte mesa de Presidencia: D. Alberto Núñez Feijóo, Presidente da Xunta, D. Javier Guerra Fernández, Conselleiro de Economía e Industria, D. Ángel Currás Fernández, Alcalde de Santiago de Compostela, D.ª Nava Castro Domínguez, Directora Xeral de Comercio, D.ª Mª Eugenia Pérez Fernández, Subdirectora Xeral de Orientación Profesional e Relacións con Empresas, D. Óscar Rodríguez Blanco, Presidente do Colexio Oficial de Xoiaría, D. Pablo García Regueiro, Vice-Presidente do Colexio Oficial de Xoiaría

Apertura dunha conta twitter:

O **Colexio Oficial de Xoiaría**, continuando coa súa apertura ás redes sociais, abriu unha conta en twitter: @coxga

Exposición de pezas Eudi:

Organizarase unha exposición das pezas elaboradas nos obradoiros dos colexiados que están participando no proxecto. Estas xoias realizáronse a partir dos deseños dos alumnos, no marco do acordo asinado con Eudi.

Promoción en España: Iberjoya 2012-Madrid

O **Colexio Oficial de Xoiaría** e a Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros xestionaron o apoio económico da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño para un grupo de colexiados que acudirán á feira Iberjoa 2012.

Campaña de San Eloi

Estase a traballar nunha celebración do San Eloi, dun xeito especialmente mediático e comercial, para o cal se está a recoller as suxerencias de tódolos colexiados.

Campaña de promoción da xoiaría Nadal 2012

Para incentivar as vendas de xoiaría no Nadal, levarase a cabo unha campaña de promoción xenérica.



Colexio Oficial de Xoiaría

rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2º B

15701 Santiago de Compostela

981 598 858 - info@coxga.es

www.coxga.es